

## **Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 23 de xullo de 2020**

### **Anexos:**

- I. Convocatoria da CGIC do 23/07/2020
- II. Asistentes á CGIC do 23/07/2020
- III. Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
  - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
  - c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
  - d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
  - e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- IV. Rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro
- V. Rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2018-2019)

Ábrese a sesión ás 10 horas e 5 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2020 e extraordinarias celebradas o 16 de abril, 30 de abril e 8 de xuño de 2020.**

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbanse por asentimento as catro actas, e serán publicadas na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

## 2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade dende a anterior sesión da CGIC:

- ✓ **27 febreiro 2020:** A Dirección do centro envía un e-mail a todo o PDI do centro informando do calendario de implantación das titulacións de grao modificadas.
- ✓ **9 marzo 2020:** A Subdirección de Planificación y Organización Académica envía un e-mail informando da operatividade da funcionalidade para cumprimentar o horario de titorías no SEIX e da posta en marcha da súa sincronización coa sección de profesorado da web da escola para evitar duplicidades. Se abre un prazo ata o 13 de marzo para que o PDI actualice os seus horarios de titorías nesta plataforma.
- ✓ **17 marzo 2020:** A Dirección envía un e-mail a todo o PDI do centro informando das pautas, suxestións e ferramentas para a docencia non presencial.
- ✓ **28 abril 2020:** A Unidade de Análises e Programas informa da publicación do informe do Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP) 2019 no que se realiza un estudo analizando polo miúdo a información sobre o número de QSP tramitadas, unidades responsables, tempo de resposta, número de informes evacuados ou perfil das persoas usuarias. O Informe contén a evolución do sistema dende o ano 2015 e os cambios mais destacables dende o informe do 2018.
- ✓ **4 maio 2020:** A Área de Calidade envía ao centro un documento que elaboraron partindo do documento de Seguimento do Plan de Melloras da última revisión da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade do centro (xaneiro 2018). É a base para o documento que o centro terá que enviar á ACSUG no proceso de Recertificación do Sistema de Calidade do centro previamente á visita da ACSUG.
- ✓ **11 maio 2020:** A Área de Calidade informa da próxima realización, en liña, das enquisas de avaliación docente do 2º cuadrimestre do curso 2019-2020 e aclara as pautas a seguir no seu desenvolvemento e as limitacións deste procedemento.
- ✓ **17 maio 2020:** A Universidade publica o *Plan de continxencias para as probas de avaliación* que recolle un conxunto de recomendacións de actuación ante os imprevistos xurdidos na realización dos exames na modalidade non presencial.
- ✓ **18 maio 2020:** A Dirección envía un e-mail ao profesorado e ao alumnado das titulacións do centro achegando un comunicado no que informa da publicación do *Plan de continxencias para as probas de avaliación*, extracta as medidas máis relevantes do devandito plan e proporciona os datos de contacto propios do centro para o rexistro das eventuais incidencias.
- ✓ **15 xuño 2020:** A Unidade Administrativa de Calidade envía as instrucións para a elaboración das guías docentes para o curso 2020-21 e informa dos prazos de apertura da plataforma DOCNET: do 16 ao 22 de xuño para os coordinadores dos títulos e dende o 22 de xuño ata o 30 de xullo para todo o profesorado. Tamén sinalan a inclusión da nova pestana *Circunstancias Excepcionais* na que o profesorado encargado

desa materia poderá incluír os aspectos que se precisen modificar nas guías no caso de que se determine algunha actuación neste sentido derivado dos criterios de seguridade. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado publica o 23 de xuño a instrución sobre a elaboración das guías docentes; nela se fixa como data límite para que as guías estean pechadas na aplicación o 15 de xullo, permitindo a súa aprobación formal con posterioridade nas Xuntas de Centro.

- ✓ **18 xuño 2020:** A Área de Calidade envía os borradores dos novos procedementos simplificados que se están a revisar para a súa implantación no curso 2020-21:
  - DO0301 Información Pública e Rendemento de Contas
  - MC05 Satisfacción de Usuarías e Usuarios
  - DO0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo e o Documento guía para a elaboración do PAT-ANEAE.

Piden achegas, suxestións modificacións ou comentarios ata o 30 de xullo. Ademais, recomentan a aprobación nos centros do IRPD 18/19 con data límite o 1 de xullo.

- ✓ **29 xuño 2020:** A Área de Calidade achega o informe da enquisa de satisfacción coa docencia non presencial derivada das medidas da COVID-19 correspondente a EEME. Esta enquisa iniciouse o 4 de maio e realizouse de modo online mediante o envío dun correo coa invitación a todo o alumnado de graos e mestrados. Está pendente a súa valoración.
- ✓ **1 xullo 2020:** A Área de Calidade achega información actualizada da evolución das enquisas de satisfacción do alumnado coas titulacións de graos e mestrados e prega que se continúe a traballar nas accións dos centros encamiñadas a tentar aumentar a participación. O alumnado participante é o de grao que se matricula por primeira vez nunha materia de terceiro curso e o de mestrado que se matricula por primeira vez. Inicialmente o período de realización das enquisas era do 10 de marzo ata o 31 de maio pero o 20 de maio estendeuse o fin do prazo ata o 31 de xullo. A participación na EE de Minas e Enerxía ao 20 de maio era do 8%, ao 1 de xullo do 25% e ao 23 de xullo do 35% (38% no GEE, 50% no GERME e 30% no MUEM). Dende a dirección animouse ao alumnado a participar nas enquisas e pediuse á Delegación de Alumnado que axude a potenciar a devandita participación.
- ✓ **6 xullo 2020:** A Unidade de Análises e Programas comunica a publicación dun bloque de indicadores e información no Portal de Transparencia entre os que destacan os informes de admisión nos graos e nos mestrados correspondentes ao curso 2019-2020.
- ✓ **20 xullo 2020:** A Área de Calidade informa da publicación dos resultados definitivos da valoración anual do programa Docencia do curso 2017-2018. Parece ser que este ano xa non van achegar aos centros a información agregada por titulacións. A información relevante pasará a referirse á fase quinquenal do programa e a fase anual pasará a ser soamente un trámite de recollida de información para facilitar a avaliación quinquenal do profesorado.

- **Balance final das incidencias rexistradas nos exames non presenciais das titulacións do centro:**

Materia	Data	Nº	Valoración
1	18/05	1	Resolta internamente
2	01/06	1	Acceso xeral a faitic – Resolto – pequeno retraso no exame
3	05/06	6	Resoltas internamente
4	05/06	2	Resoltas internamente
5	23/06	1	Formulación incompleta - Descartada
6	25/06	3	Achegas ao móbil institucional recollidas polo coordinador
7	03/07	1	Resolta internamente

- **Información sobre os Rexistros Pendentes da Axenda Básica de Calidade:**

- **Rexistros do Procedemento DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais**
  - R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación. Na comisión celebrada o 26/02/2020 aprobouse a declaración de interese de Modificación da titulación oficial Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. Posteriormente, ante a situación de alerta sanitaria xerada polo COVID-19, a dirección do centro considerou que era máis axeitado pospola un ano.
- **Rexistros do Procedemento PE02 P1 Xestión do PDI:**
  - R1 Resultados de avaliación docente definitivos. Aínda que os resultados definitivos do DOCENTIA anual foron publicados o 20 de xullo, a Área de Calidade comunicou que no van chegar os resultados agregados por titulacións. Esta función pasa ao DOCENTIA quinquenal (período 12/13 a 16/17), que se achegará agregado por titulacións en setembro.
  - R2 Informe de responsables académicos. DOCENTIA quinquenal (período 12/13 a 16/17): publicación prevista en setembro.
  - R3 Listaxe accións formativas derivadas das necesidades detectadas (pendente facer unha consulta por email a todo o profesorado do centro).
  - R4 Ficha de programa actividade de formación (se procede).
- R1-DE01 P1 Plan estratéxico do centro (29/11/2019): estase a reformular o plan xeral da UVIGO, polo que proponse aprazar o plan do centro ata que estea aprobado o da universidade.

### **3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2020/2021.**

A Presidenta aclara os tres escenarios posibles: totalmente presencial (as 3 titulacións do centro están autorizados a iniciar o curso así), semipresencial (non parece aplicable ao centro agás no caso de que se chegase a producir un cambio na distancia social e os aforos permitidos) e non presencial (no caso de que se decrete un novo confinamento). Tamén sinala a situación particular deste curso que, coa implantación dos novos plans de estudos dos graos, supón máis traballo xa que as guías das materias de primeiro son novas, partindo de cero e cargando as novas competencias. Por último salienta a aparición nas guías da nova pestana “Plan de Continxencias” e lembra a proposta da dirección para o seu contido.

A Presidenta cede a palabra aos coordinadores das titulacións para que expoñan as súas valoracións das guías docentes recollidas no Anexo III e do proceso de elaboración.

María Araújo, coordinadora do GERME, comenta que todas as guías están completas en castelán e galego, e tanto as do plan de internacionalización como as do programa *English Friendly* en inglés. Engade que todo o recollido no plan de continxencias está revisado e é razoable e coherente. Pode haber algún fallo pero non se detectaron. Todas cumpren os requisitos establecidos pola Área de Calidade. Ademais, comenta que se pode dicir o mesmo das guías docentes das materias do GEE coa excepción das de dúas materias, que se atopan pendentes dunha última revisión.

Teresa Rivas, responsable da revisión das guías docentes do MUEM, comenta que o proceso das guías docentes das materias do máster foi máis sinxelo, e case sen cambios. Sinala que todo o profesorado cubriu correctamente a sección do plan de continxencias e que todas as guías semellan correctas.

A Presidenta aclara que o prazo marcado pola Universidade de Vigo para pechalar as guías remata hoxe. Agradece o traballo realizado polas persoas coordinadoras dos graos e por Teresa Rivas supervisando o proceso de elaboración das guías docentes do máster.

A Comisión aproba por asentimento as guías docentes das tres titulacións do centro.

### **4. Aprobación, se procede, do rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.**

A Presidenta comenta que este rexistro se elabora en colaboración coa administradora de centro e non foi posible rematar a súa preparación a tempo polo que se pospón para unha próxima sesión da comisión.

## 5. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro.

A Presidenta explica que este rexistro está formado por dous documentos (Anexo IV) que foron enviados con antelación aos membros da comisión:

- **Informe Anual do Plan de Promoción do Centro 2019-20** no que se recollen as actividades de difusión realizadas no devandito período, seguindo o plan de promoción aprobado o pasado curso.
- **Plan de Promoción das titulacións para o curso 2020-2021** no que se recollen as actividades de difusión previstas para o próximo curso.

Fai unha breve exposición dos documentos e indica que ambos foron elaborados por Santiago Pozo, responsable do Plan de Promoción e Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, a quen agradece o seu traballo e a súa dedicación á difusión do centro. Destaca as principais actividades desenvolvidas no curso 2019/20. Agradece a Santiago Pozo o traballo realizado e a toas as persoas que colaboraron e participaron nas actividades.

Por último comenta brevemente o plan de promoción para o curso 2020/21.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro e varios dos seus membros trasladan os parabéns polo traballo realizado. Diego López suxire que se achegue o informe do plan de promoción do curso 2019/20 a la COMG e as asociacións sectoriais porque poden xurdir sinerxías.

## 6. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2018-2019).

A Presidenta comenta que é un informe importante no que se revisa o funcionamento global do centro e as titulacións e lembra que a primeira recompilación de datos xa se revisou na Comisión de Calidade do 26 de febreiro pero que a elaboración do informe tivo que irse aprazando debido a situación de alerta sanitaria. Di que o informe está moi traballado polo equipo de dirección pero considéranse moi importantes as aportacións da Comisión de Calidade.

A continuación comenta a estrutura xeral do informe e sinala os seus principais aspectos.

## **Sección relativa ao Centro.**

Destaca a inclusión dos resultados preliminares dunha parte do estudo de inserción laboral que se está a elaborar como parte do proxecto financiado pola Cátedra Feminismos 4.0, dirixido por Teresa Rivas, Enlace de Igualdade do centro, á que agradece o traballo realizado.

Diego López comenta que lle parece moi interesante e que os resultados parecen bos; suxire que se comparen cos do SUGA (<http://www.acsug.es/sites/default/files/c-inlab12-13.pdf>). Ábrese un pequeno debate no que Teresa Rivas aclara algúns detalles sobre o estudo (enquisa realizada, número de persoas egresadas e nivel de participación, entre outros aspectos). A Presidenta precisa que se trata dunha análise moi preliminar sobre os datos dispoñibles e que hai que facer un estudo estatístico máis detallado. Luisa Álvarez suxire poñer en valor os resultados que se obteñan no estudo cara á captación de alumnado.

A Presidenta sinala os puntos febles detectados na análise dos datos do centro e as novas accións de mellora definidas.

## **Sección relativa ao GERME.**

Comenta a evolución dos resultados, salientando o problema das taxas de ocupación e abandono. Sinala que os indicadores de valoración melloran case que todos. A conclusión podería ser que poucos estudantes elixen este grao pero os que o fan están contentos e que necesariamente hai que continuar coas iniciativas de difusión e promoción para captar máis alumnado.

Diego López comenta que lle parece boa idea as accións de mellora centradas no profesorado de ESO e suxire contactar cun profesor de xeoloxía que se dedica a temas de divulgación. Luisa Álvarez insiste na suxestión de utilizar os resultados do estudo de inserción laboral cara á captación de alumnado.

A Presidenta sinala o estado das accións de mellora anteriores e as novas accións de mellora propostas. Comenta que para a implementación da acción 56 sería interesante contar coa colaboración dos representantes da sociedade e das persoas egresadas. Luisa Álvarez e Diego López responden que conte con eles e suxiren varias ideas.

## **Sección relativa ao GEE.**

A Presidenta comenta os principais epígrafes, a evolución dos resultados e as valoracións dos mesmos. Destaca o estado das accións de mellora anteriores e describe as novas accións de mellora propostas.

## Sección relativa ao MUEM.

Comenta a evolución dos resultados e as valoracións dos mesmos. Sinala o estado das accións de mellora anteriores e expón as novas accións de mellora propostas.

A Presidenta finaliza comentando con detalle as Conclusións e Acordos. Abre unha quenda de intervencións.

Luisa Álvarez comenta que recentemente se creou un grupo de *telegram* bastante numeroso de enxeñeiros/as de minas, case todas persoas egresadas e suxire que algunha das iniciativas podería canalizarse por esta vía.

Teresa Rivas suxire pedir a información dos resultados por materias, TFG e TFM desagregada por xénero, que sería útil para facer estudos con perspectiva de xénero deste tipo de aspectos.

Diego López comenta que unha acción que lle parece interesante, e que podería axudar a implicar as persoas empregadoras, sería organizar unha xornada técnica na que se expuxeran brevemente os TFG e TFM aprobados no curso. Engade que podería plantexarse a través da plataforma de minería sostible.

Apróbase por asentimento o rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección do curso 2018-2019.

A Presidenta agradece a Guillermo García, Coordinador de Calidade, o traballo realizado na coordinación na elaboración do documento.

## 7. Aprobación, se procede, do informe para á Renovación da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade do centro.

A Presidenta comenta que a Comisión de Calidade ten que aprobar o informe de seguimento da implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro para solicitar a súa renovación. Sinala que xa se pasaron 3 fases da certificación da implantación do SGIC: deseño, implantación e renovación, e aclara que este ano corresponde unha nova renovación da certificación; explica o procedemento e indica que hai que elaborar o documento de seguimento para facer a solicitude. Comenta que non foi posible rematar a preparación do documento de solicitude da renovación e propón pospolo para unha próxima sesión da comisión, a próxima semana.

## 8. Rogos e Preguntas.

Non hai.





Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 25 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de xullo de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 23/07/2020

Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 23 de xullo de 2020, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e tratarase o seguinte punto da

## ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2020 e extraordinarias celebradas o 16 de abril, 30 de abril e 8 de xuño de 2020.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2020/2021.
4. Aprobación, se procede, do rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.
5. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro.
6. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2018-2019).
7. Aprobación, se procede, do informe para á Renovación da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade do centro.
8. Rogos e Preguntas.

Vigo, 16 de xullo de 2020

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(\*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.



## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 23/07/2020.



<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 23 de xullo de 2020</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudiantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM



## ANEXO III

Guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría  
de Minas e Enerxía para o curso 2020/2021

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
- c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos  
(plan novo)
- e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas



## **ANEXO IV**

Rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro



## **ANEXO V**

Rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2018-2019)